

Xuntas!!! podemos!!!

Participa o 8 de marzo nas concentracións
convocadas pola CIG na túa comarca!

Participa o 11 de marzo na manifestación
nacional de mulleres convocada por distintas
organizacións feministas en Compostela!

Participa connosco na folga xeral
convocada pola CIG!

Confederación Intersindical Galega
Secretaría Confederal da Muller

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos: 981 16 92 93 - 981 90 06 33

Fax: 981 15 15 39

Correos:


muller.mocidade@galizacig.net

tecnica.igualdade@galizacig.net



As mulleres coa folga xeral

Xuntas!!! podemos!!!



8 de Marzo

día internacional da muller traballadora



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com



Secretaría da muller

As mulleres coa folga xeral

Xuntas!!! podemos!!!

AS mulleres que formamos parte da Confederación Intersindical Galega facemos unha chamada á mobilización de todas as mulleres contra os ataques e recortes de dereitos levados a cabo polo aparato do estado.

A desigualdade e invisibilidade históricas que soportamos como mulleres incrementábase debido á situación de crise económica que atravesamos, pero aínda máis, por mor das medidas que supostamente foron deseñadas para paliar. Nun inicio, polos recortes no gasto público (cun gran impacto nas mulleres dada a nosa presenza no sector público, que fai que sexamos as principais afectadas pola redución de salarios e a eliminación de emprego), cunha reforma laboral que precarizaba aínda máis as condicións de traballo (abaratando e facilitando o despedimento, reducindo os custos laborais, promovendo a temporalidade, desaparecendo garantías laborais, desarticulando a negociación colectiva, privatizando a inserción laboral), cunha reforma das pensións que agravará a feminización da pobreza e dificultará aínda máis que as mulleres poidamos acceder a pensións dignas, coas medidas dirixidas para mellorar a empregabilidade da mocidade (pero que o que fixeron foi impulsar aínda máis a temporalidade e precarizar o emprego da mocidade a través de figuras como o contrato lixo), coa eliminación da retroactividade para as persoas beneficiarias das axudas á dependencia, ou cunha reforma do réxime de empregadas do fogar que, pese a supor un avance, é insuficiente (dado que non supón a aplicación do ET nin a súa inclusión ao 100% no réxime xeral con plenos dereitos, como a prestación por desemprego ou a cotización ao FOGASA, por poñer dous exemplos).

A CIG respondeu a estes ataques coa súa forza mobilizadora. Foron moitas e moi diversas as concentracións, peches e mobilizacións convocadas para amosar a repulsa fronte aos recortes nos nosos dereitos, ou en resposta ás políticas levadas a cabo polo goberno do PP en Galiza, quen desde a súa chegada á Xunta puxo en marcha o desmantelamento dos servizos sociais públicos, comezando pola eliminación dos Puntos de Información á Muller e das oficinas I+B (oficinas situadas maioritariamente no rural, desde as que se ofrecía unha atención integral ás persoas máis vulnerábeis da sociedade en risco de exclusión social, e onde se atendían distintos programas que redundaban nunha mellor inserción laboral da muller e na atención aos mozos e mozas); o Servizo do Noitebús para a mocidade do rural; do programa ENTENDO, que daba resposta xurídica, médica e psicolóxica ás lésbicas, gais, bisexuais e transxuais; a privatización das novas galescolas; os recortes orzamentarios que poden levar á desaparición de Programas tan senlleiros como o de Preescolar na Casa, ou nos fondos destinados ao Plan Concertado, o cal pode supoñer a desaparición das prestacións básicas de servizos sociais nos concellos; o copago que están tentando instalar tanto na sanidade (coa escandalosa iniciativa de eliminar o recorte do dereito á prestación sanitaria e farmacéutica ás persoas sen recursos económicos, que finalmente tiveron que retirar) como nos servizos sociais (copago no servizo de axuda no fogar, suba das taxas das escolas infantís). Mais non teñen reparo en financiar con cartos públicos a un bo número de entidades ligadas á extrema dereita antiabortista tales como Rebaño de María, Sí a la vida, Red Madre, Siervas de la Pasión, Betanía de Jesús Nazareno, Ayuda a la Vida e a

entidades abertamente confesionais e católicas que desde logo non traballan a prol da igualdade de oportunidades e do empoderamento das mulleres, no marco dunha lei –a de familia– que cousifica a muller e que pretende devolvela ao seu rol tradicional de nai-coidadora do fogar.

Logo da chegada do PP ao goberno do estado, as primeiras medidas dirixidas para saír da crise repousaron na clase traballadora, acometendo unha serie de recortes no investimento público que están a provocar a deterioración dos servizos e destrución de emprego (co conseguinte efecto nas mulleres ao termos unha maior representación no sector público), anunciando unha reforma da lei do aborto que impide exercermos o dereito ao control dos nosos corpos (volvendo á lei do 1985), ou coas ameazas de reforma e incluso derogación de leis como a do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, a lei integral contra a violencia de xénero, ou a propia lei de igualdade. E de xeito singular cunha reforma laboral que facilita aínda máis o despedimento e a redución dos salarios, que precariza e desregula as condicións de traballo, que fomenta o uso de contratos lixo de formación e aprendizaxe até os 30 anos, que permite que sexan as empresas e non as mulleres as que establezan os criterios para a concreción horaria da redución de xornada por coidado, atendendo a necesidades produtivas e organizativas, e que limita que esta redución se realice só na xornada diaria.

As mulleres non imos ficar caladas ante este novo ataque. Rebelámonos contra unhas medidas que pretenden facernos retroceder na conquista dos nosos dereitos. E non nos esquecemos das mulleres máis invisíbeis da

sociedade, das mulleres con discapacidade, das que nin sequera son obxecto de políticas públicas, por realizaren o seu traballo na economía somerxida, das migrantes sen papeis, das prostitutas, das amas de casa, ou das vítimas de violencia de xénero.

Aínda sendo conscientes que a loita pola igualdade fa ter unha dura resposta por parte do machismo e das institucións nas que se agocha, non podemos permitir que a crise sirva de escusa para pór en marcha políticas agresivas contra os nosos dereitos. O feminismo segue a verse, especialmente por parte dos sectores máis conservadores, como algo sectario que debe combaterse desde o poder. Por iso somos conscientes de que calquera acción emancipadora que levemos a cabo debe conter unha análise, unha crítica e un recoñecemento de que o patriarcado existe, de que vai mudando de cara e de forma, pero resiste e actúa contra todas –e todos– nós.

Por iso cómpre máis ca nunca ofrecer unha resposta clara e contundente, para pórle freo ás medidas que tanto nos prexudican, para seguir loitando por unhas mellores condicións e para seguir defendendo nosos dereitos. Porque, na contra do que din, si hai alternativas. Desde a CIG facemos unha chamada á participación de todas as mulleres nas mobilizacións convocadas en repulsa aos recortes, na defensa dos nosos dereitos, e na folga xeral convocada para finais de marzo, porque non podemos permitir que os gobernos empreguen unha vez máis a crise como coartada para legalizar ataques contra nós, porque non imos cargar sobre as nosas costas o peso da crise. A nosa loita é a vosa, unha loita de clase e feminista.

8 de marzo: día internacional da muller traballadora

